

Hospital de Vigo, público ou privado?

RAMÓN VERAS CASTRO, MÉDICO DE FAMILIA

FEIJÓO E O PARTIDO POPULAR queren usar o financiamento privado para o equipamento e a construción das novas infraestruturas sanitarias. Primeiro o Hospital de Vigo. Despois irá o resto: equipamento do Hospital de Lugo, Hospital de Pontevedra, os novos centros de saúde, a alta tecnoloxía ... Isto é o que pon o Proxecto de Orzamentos da Xunta presentado no Parlamento.

Non é nada novo, é a liña iniciada pola señora Thalcher no Reino Unido hai vinte anos, e que tan fielmente seguen en Valencia e Madrid. Nestes momentos Escoda, Gales e Irlanda do Norte pararon este sistema de financiamento, volvendo á liña tradicional, e en Inglaterra o NHS (sistema británico de saúde), antes considerado un exemplo mundial de servizo sanitario, agora está totalmente desvalorizado. Igual camiño leva Madrid, por certo.

O próximo xoves 29 de outubro está convocada unha manifestación en Vigo por unha atención sanitaria de calidade e pública. Ninguén di que a dotación privada sexa mala por ser privada. Todo o mundo quere o novo hospital canto antes mellor. Non nos traten coma nenos, por favor. Se hai cartos privados é porque isto supón un negocio fabuloso, e todas as ganancias saen do mesmo, peto, do noso, en detrimento de gasto para a asistencia sanitaria.

Non confundamos. A construción privada do hospital ímola pagar cun canon anual e coa concesión de todos os servizos de mantemento como mínimo, durante 20 - 30 anos, aínda que despois non gusten. Se cambian as necesidades sanitarias, á construtora non lle importa, como é natural. Calquera cambio vai ser un novo incremento de contrato. Como con Audasa e os accesos a Vigo. Estarnos pillados.

Deberíamos aprender do fracaso británico. Os estudos indican que este modelo é moito máis caro, empeora a atención sanitaria, hai menos coordinación xa que a construtora subcontrata con múltiples empresas, empeora as condicións laborais dos traballadores e reduce o número de empregos.

Por outra parte, o bipartito xa aprobara facer esta obra por unha empresa pública e tamén en catro anos. É preciso recordar que os préstamos á administración son máis baratos que á empresa privada. Así, por que nos queren enganar?

Melloremos a sanidade pública, fagámola moito máis eficaz pero non volvamos ao pasado. Non importemos experiencias fracasadas que van condicionar o orzamento sanitario durante 30 anos, non só da comarca de Vigo, senón de todo o Servizo Galego de Saúde.

Martes, 27 de outubro de 2009